

CENTRO CULTURAL
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN
BEGONTE (Lugo)



**XXIII certame
de debuxo infantil
sobre “O NADAL”**

Patrocina:



CAIXA RURAL DE LUGO

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de BEGONTE –entidade promotora do Belén Electrónico– co patrocinio da CAIXA RURAL DE LUGO, co fin de potencia-lo espírito do Nadal nos nenos, convoca o

**XXIII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL
SOBRE "O NADAL"**

de acordo coas seguintes BASES:

- 1.** Poden concurrir tódolos nenos, a través dos seus colexios.
- 2.** Establécense dúas categorías:
 - A.– Ata os 10 anos.
 - B.– De 11 a 15 anos.
- 3.** Concederanse os seguintes premios:
 - A.– 3 primeiros premios, dotados con 5.000 ptas. e trofeo.
5 segundos premios, dotados con 3.000 ptas. e trofeo.
 - B.– 3 primeiros premios, dotados con 5.000 ptas. e trofeo.
5 segundos premios, dotados con 3.000 ptas. e trofeo.
- 4.** Os temas serán libres dentro do tema xenérico "O NADAL". O tamaño dos orixinais será como mínimo de 1/2 folio e máximo de 1 folio. Deberán ser presentados en cartulina.
- 5.** Cada colexio non poderá remitir máis de 25 traballos para cada categoría.

A admisión de orixinais rematará o día 24 de decembro do presente ano, debendo ser entregados ou remitidos ó CENTRO CULTURAL "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN" de BEGONTE (Lugo).

BEGONTE (Lugo), novembro 1998